

# APERTURA DO PRAZO PARA EMITIR AS VOTACIÓNS

O prazo estará aberto ata as 11:00 horas do 16/02/2023

Outorga un "me gusta" ou me "encanta". Tamén podes dar o teu voto a través de mensaxería Whatsapp de NovasLaxe ó 657 771 006

O amor prémíase en Laxe  
2024

V Certame  
de Dedicatorias  
de Amor

"Dillo ben bonito"

9 Dedicatorias premiadas  
9 Noites e aloxamento con almorzo  
para 2 persoas

- ♥ CABANAS NAREA
- ♥ HOTEL \*\* O NÁUTICO
- ♥ ISLOW COLIVING
- ♥ HOTEL RÚSTICO \*\*\* E APARTAMENTOS TURÍSTICOS A TORRE DE LAXE
- ♥ CASA RURAL O ARRUEIRO
- ♥ HOTEL PLAYA DE LAXE \*\*\*
- ♥ APARTAMENTOS TURÍSTICOS OS BATÁNS
- ♥ HOTEL MAR DE LAXE \*\*\*
- ♥ HOSPEDAXE - RESIDENCIA\*\* BAHÍA

Bases  
e máis información  
en:  
[www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)

ORGANIZA:



**Concello de Laxe**  
Concellería de Comercio,  
Hostalería, Turismo  
e Cultura



# O amor prémíase en Laxe 2024

## E ti¿que sintes?

Que ben me sinto cando esperto o teu carón,  
Que ben me sinto cando me acurrucas pra  
dormir  
Que ben me sinto cando volves de traballar e me  
das unha aperta,  
Que ben me sinto cando con só mirarme me dis  
que me queres.  
Que ben me sinto cando me escribes pa saber  
que tal me vai o día,  
Que ben me sinto..... Que ben me sinto...  
O amor que sinto non se explica só con  
palabras, son momentos,  
Momentos que compartimos, momentos que  
vivimos.  
Cada momento, agarrada sempre da túa man,  
así quero que sintas o meu amor por ti.

  
Gaviota





# O amor prémíase en Laxe 2024

*"o meu príncipe azulíño"*

catorce de febreiro de dousmil vintecatroy

Que é o amor?

Parecía que non o sabía, que existía? Son moitas as dúbidas que durante anos na miña mente parecía que sucedíanse

Era algo que dende nena relatábanme os contos, que me facían creer en fantasías, parecíame unha "pantomima" todo porque eu non sentía esas cousas máxicas, que sí bolboretas no estómago, que si o tempo corre moi rápido, que si as imperfeccións non son recoñecidas os ollos da persoa amada, que todo pode ser mellor levado cando te sentes amada....

.....Ata que te coñecín a Ti!, ata que apareciches ti, o meu príncipe azulí!

Fixechesme tan feliz!



De súpeto todas esas fantasías convertíronse realidade, non hai día que contigo o reloxo non corra a fume de carozo, non hai día que contigo me falten as ganas de loitar, non hai momento que che vexa fermoso por dentro e por fora e que non hai intre que teña ganas de volverte a ver.

Fasme grande cas túas caricias, que nin as mellores pastillas me fixeron durmir tan tranquiña como o fago tódalas noites nos teu regazo, nin tan importante como son cas túas verbas,..... por eso che quero dicir, que gracias por facerme ver que existe a

FANTASÍA E A REALIDADE DO AMOR.

QUÉROTE

*asdo.a túa raniña*



Organiza: Concello de Laxe



# O amor prémíase en Laxe 2024

Rabia con amor.

Unha relación non é o que a maioría da xente pensa que é. Non espertas todas as mañás para almorzar e comer xuntos.

Non son abrazos eternos na cama e palabras doces ata que vos durmides os dous.

Non é unha casa chea de risas e amor todos os días.

Non é a perfección.

Unha relación é quen rouba todas as mantas de madrugada e ronca, ás veces un portazo, mal humor e palabras duras.

É chegar a casa e atopar á mesma persoa todos os días, é monotonía.

É roupa sucia e camas sen facer.

É tragar as palabras molestas en lugar de dicilas en voz alta para non ferir á outra persoa.

Unha relación é ter alguén na túa vida que se preocupa por ti a pesar dos teus erros e imperfeccións.

É unha colaboración mutua, facer a cea e sentarse xuntos, a unha hora tardía. É ter unha crise emocional e a túa parella durmindo contigo e dicindoche que todo está ben.

Trátase de seguir amando a unha persoa aínda que ás veces te volvan absolutamente tola.

Corazón Ferido.



Organiza: Concello de Laxe



## O amor prémíase en Laxe 2024

Sorrisos e bagoas.

Hoxe, 24 de decembro de 2043, volvín a pisar aquela praia na que, a pesar de non estar sós, actuamos como tal...

Aínda puiden distinguir a silueta dos nosos corpos na beira. Lembro aqueles bicos que sabían a area e sal, aquelas caricias coas mans engurradas que naquel momento eran a culpa da auga e agora o dano.

Levo anos preguntándome que sería se...

A onde chegaríamos...


Estou facendome maior e cos anos esquezome da miña vida, dos solpores escoitando as ondas, esquezo todo o que me importa.

Pero moi poucas veces ao ano, lembro de ti, o que fomos, a nosa historia e inconscientemente fan aflorar algún que outro sorriso xunto con algunha que outra bágoa que cae pola miña cara, as cales me levan de volta a esa fermosa noite.


Almamia.



Organiza: Concello de Laxe



Amor premiase en Laxe  
2024



Organiza: Concello de Laxe

Floritura.

Mucere lentamente  
la hoja marchita  
Tu oculta otra  
en ese sitio...

Ni te voyas  
Ni te voyas  
Aquí te esperaré  
Con las Manos  
Abiertas...


Eres la persona que  
ilumina mi jardín  
ese jardín lleno  
de flores.

Marcadas i raras  
Tulipans con  
estas flores  
haré un jardín

Eres la luz  
que brilla en  
mi casa...

Eres lo mejor  
que tengo estas  
días.

Luz, luz, Luz  
Flores.





# O amor prémíase en Laxe

2024

## Esplender

Neste, noso universo de Mar-bel,  
onde os sentimentos imprevisibles  
florece e o corazón pode brillar,  
espontánea, sensible,  
xorde a túa alma chea de pureza.  
O teu ser é un agasallo:  
esplendes, inspiras, motivas...  
E as sombras disípanse.  
Descubrirte, un deleite.  
Imaxinar-te, unha necesidade.  
Facerte tanxible, afástame da ensoñación.  
A túa esencia resplandece  
entre as almas que se adoran.

**TRANSZENDENSWOMAN**



Organiza: Concello de Laxe



# O amor prémíase en Laxe

2024

## QUÉROTE TODO

Lin en Madame Bovary que coa palabra humana só conseguimos facer bailar aos osos cando pretendemos comover ás estrelas. Isto, precisamente, é o que percibo cando comezo este relato. As palabras son puñais que mutilan o meu amor, pois nin a pluma máis inspirada lograría describilo sen traizoalo.


Lembro a primeira vez que te vin. Vestida toda de branco, baixabas unha ladeira esquiando, e o resplandor do teu ronsel brillaba máis có da neve. Hoxe, vinte e cinco anos despois, o teu destelo cega máis ca nunca, é máis exclusivo, supremo, xa que a túa desemeianza con todo resulta tiranamente esmagadora. O relucir dos teus ollos, a túa fina nariz, o sabor dos teus beizos... A túa mesta melena negra, a túa osamenta espida...

Atopeite pola túa beleza. Coñecinte pola túa bondade. Fiquei contigo pola túa maxia e unicidade.



Estou tan namorado de ti que sinto vertixe. Véxome diminuto, e aguillóame a miña levedade. Todo ten sentido cando ti estás preto. A vida resulta increíblemente fácil. Rimos cando amence e cando pecha o día. Bailamos a mesma música, practicamos o mesmo sexo, falamos a mesma lingua; mais nada simboliza o noso amor como as vidas de Moisés e Mariña.

A nosa historia, Eva, é extraordinaria. Apenas lla conto a ninguén, pois a xente carece da maxia precisa para valorar as cousas fermosas. Pero si; estou seguro de que é extraordinaria. Non pertence para nada a este mundo. Por iso concordo con Flaubert, pois as palabras non abundan para expresar o que te amo. Se quixera dicirche canto, tería que botar man dos números; se buscara explicarche como, faríanme falta as letras. «Moito», «infindo...». «Todo». Iso é. «Todo». Quérote todo. Á fin, dúas palabras.

IGNACIO REILLY



Organiza: Concello de Laxe



## O amor prémíase en Laxe 2024

*Ata logo ou ata sempre*

Como ben dicía Castelao: *"se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma"* e se aínda somos persoas é por obra e gracia do quefacer do amor. Pedir ese desexo cada vez que vexo unha estrela fugaz, aínda que sexa bastante difícil de cumprir. Unha mesa chea, mais cun oco vacío, que sei que está cubrindo outro máis bonito e brillante no ceo. Quérote, si, quérote e podo repetir esas verbas ben alto até que cheguen a ti. Sermos conscientes da sorte que temos de estar pretoño dos nosos e non coñecer o sentimento de morriña, podendo dicir ben alto: estás aquí e podo darche unha aperta. Porque ao final; o verdadeiro heroísmo consiste en trocar as ilusións en realidades e, as ideas en feitos. Sempre ti, o amor da miña vida.

Lidance





Organiza: Concello de Laxe





O amor prémíase en Laxe 2024



## ESPAZO COMPARTIDO

As xemas subindo polas costas.

Un sorriso tenue para este silencio xurdido.

Unha mirada cómplice de cor mel.

Un bico discreto na núa pel.

Un suspiro suave nos beizos de vermello tinguido.

As xemas, de novo, colándose baixo as sabas.

Tacto. Sorrisos. Bicos. Suspiros.

Ningún necesita máis.

Todo é noso. Noso é todo.

Compartindo este espazo cálido.

Este espazo tan propio que destaca polas

xemas, sorrisos, bicos e suspiros que,


tan silenciosamente, creamos

ti e eu no noso espazo compartido.

Sra. Salvatore



Organiza: Concello de Laxe





## O NOSO DESTINO: O MESMO


Entre risas compartidas  
e confesións verdadeiras,  
descubrín no inesperado  
un amor sen fronteiras.

Tamén nos bicos, sabor a sal  
dun mar cheo de sentimentos,  
e nas palabras e caricias  
de cada un dos nosos momentos.

Bailamos sobre suspiros,  
ecos dun amor eterno,  
no libro das nosas vidas,  
cada páxina é un inverno.

Así, pouco a pouco,  
e aínda sen crelo,  
en cada paso xuntos,  
o noso destino: o mesmo.

Lúa





# O amor prémíase en Laxe 2024

Pseudónimo: D. Mateo Cactus, de Villa Rosa

## Vida rutineira feita extraordinaria

Collo o bus.

Pago, séntome.

Soamente 15 paradas, 30 minutos.

Traballo, xanto, traballo.

Collo o bus.

Pago, quedo de pé, non hai sitio para sentarse.

Soamente 15 paradas, 1 hora co atasco.

E chego a casa, o quinto sen ascensor.

## Vida rutineira. Vida común.

Abro a porta e agárdame o meu compañeiro de vida, a miña media laranxa, o meu amor.

É xa case hora de cear, estou canso. Dáme igual, estou contento.

Díxome "Ola, amor, como estás?"

Unhas palabras súas bastaron para animarme.

## Vida rutineira feita extraordinaria.

Díxomo ben bonito.

D. Mateo Cactus, de Villa Rosa



Organiza: Concello de Laxe





O amor prémíase en Laxe  
2024



### NON HAI MANEIRA


Acabábase o verán e a voda á que acudíramos. Os noivos marcaban descoordinados o inicio do baile nupcial. Celebraban 18 anos de amor. Alí, escoitena por primeira vez. Los Ronaldos cantaban "no puedo vivir sin ti, no hay manera. No puedo estar sin ti, no hay manera". Ficoume na memoria como un bonito recordo asociado ao amor.

Canteina varias veces desde entón: no karaoke, no coche, soa... E tamén cha cantei a ti.

Aínda que a canción me gustaba, có tempo dinlle unha volta. Porque eu podo vivir sin ti, podo estar sen ti, pero non quero. Creo que iso é o amor, non necesitarte, pero quererte. Poder estar sen ti, pero elixirte. Querer estar ao teu lado e acompañarnos.


Aínda así, cando Los Ronaldos sonan, penso en ti, non hai maneira.

Pseudónimo: Brétema



Organiza: Concello de Laxe






## PORQUE...



Porque tes ollos tan bonitos,  
Porque me abrigas se vai frío  
Porque me gusta estar contigo  
O meu faro de domingo.  
Porque te quero sin motivos,  
Porque non fan falta razóns  
Porque mo teño merecido  
Leda sempre o teu carón.  
Porque fun afortunada  
De ser por ti elexida  
Como ti non hai ninguna,  
Miña nai, a miña vida!

*Sardiña de monte*





# O amor prémíase en Laxe 2024



O viaxe.

Viaxamos, movémonos, cambiamos. Saímos da casa, subimos ao tren, ao avión, ao autobús, ao barco.

Viaxamos, nós e o noso amor, independentemente da clase, comodidades ou requisitos.


Viaxamos, recoñecémonos, do punto A ao punto I, ida e volta.

Viaxamos, percorremos sempre unha distancia maior que a que une o noso amor, porque partimos do mesmo lugar e chegamos á mesma parada.



Viaxamos, ata que rompa o rail, ata que o vento deixe de soprar, ata que se esgoten as estradas e ata que sequen os mares.

Viaxamos. Querémonos.

-waldo



Organiza: Concello de Laxe





# O amor prémíase en Laxe 2024

**Título:** “Silencio crebado”

**Pseudónimo:** Ed Chigliak

Sentín o latexo aburado repenicándome no peito a ritmo de valse, enguedellado nun compás desafinado coma ese calafrío infindo, percorrendo fedello os corpos espidos que se xonguen en nome do máis primitivo e nobre dos sentimentos. Espreitei o abismo estarrecedor do medo coma un funámbulo tremelicando enriba da corda magra que desata o baleiro e apañei o bafo ensumido por mor de rubir até ese montaña coroada de soños, onde poder esculcar a fondura oceánica dos teus ollos.

Camiñei por vieiros silvestres, desandando os pasos que cinguían os teus pesadelos e no paso irredento dos días, no esfolar impertinente do almanaque, prendín os fachos para alumearen con fulgor o teu sorriso. Debuxei constelacións nos sucos da túa pel suave e coas puntas do teu cabelo liso cosín as cicatrices das estrelas que ficaban feridas no firmamento. Crebei a miña voz no acubillo dos silencios e ao abeiro dos teus beizos, calei estas palabras que agora che escribo.




Organiza: Concello de Laxe





O amor prémíase en Laxe 2024



Organiza: Concello de Laxe


## Marabillosa criatura

Nunha temerosa fiestra escura  
con pinceladas dun mar en calma,  
sobre a laxe oculta polo peirao,  
unha burda broma de Johnny Cash  
fíxome ver, teimosa, que,  
onde empezan a túas caricias,  
remata o meu pasado.

No meu imaxinario créate,  
soñárate, debuxárate, sentírate,  
facendo acompasadamente o amor;  
Dúas peles destapadas buscándose,  
activando a encarcerada tolemia,  
sobre esa infantil figura sostida  
en dúas fráxiles canelas.

Presentei, sen control, as credenciais  
á túa boca, que, correspondida,  
loitou contra os seus propios demos.  
Un amor destinado a vivir  
a mellor das miñas ensoñacións.  
Medio século esperándote,  
e dous segundos para namorarme.

Mario de Bel






Amor prémíase en Laxe  
2024



## TAN FERMOZA COMO LAXE




Porque brilas máis que o sol e a lúa,  
e só con esa mirada túa,  
que alumea cal Faro de Laxe,  
por estar ti xa é máis fermosa a paisaxe.

Un bico, unha aperta, un sorriso...  
pra ser feliz pouco máis preciso,  
que vivila vida ó teu carón,  
namentras bailamos pegados a nosa canción .

Contigo fanse curtos os longos camiños,  
e ó teu lado voa o tempo, así xuntiños.  
Un día gris, na túa compañía, parece dourado,  
e un problema difícil, vese moito máis doado.

Podaría percorrer toda a Costa da Morte,  
e aínda que tivese moita, moita sorte,  
outra vila coma Laxe non vería,  
nin moza máis fermosa atoparía.




Organiza: Concello de Laxe


Con máis arte ca Casa do Arco,  
e máis bonita ca un paseo en barco...  
Distinta coma a praia de Soesto,  
pois sendo igual, destacas entre o resto...  
Posuída desa singular beleza,  
beleza de corpo, pero tamén de cabeza,  
de beleza natural, non coma no Instagram, impostada,  
ti es guapa sen filtros, nin cremas na cara.  
Tan fermosa coma Laxe,  
e máis elegante ca un bo traxe...  
Única coma a Pedra dos Namorados,  
e únicos os bicos deses beizos colorados...  
Alta e esbelta, coma Santa María da Atalaia,  
e non me digas que me estou pasando da raia...  
E con máis brillo que a Praia dos Cristais,  
e máis dozura ca os bicos das nais...  
E porque coma ti e Laxe, non hai máis...  
E namais!...  
Quizais... noutra poesía ...¿ou en prosa?  
¡Pra ti vai, fermosa!

“Trovador de contenedor”

[SEGUNDA PARTE: TAN FERMOUSA COMO LAXE]



O amor prémíase en Laxe  
2024



Organiza: Concello de Laxe